



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X leislatura
Serie Deputación Permanente
Número 4

Sesión da Deputación Permanente
28 de xullo de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto único. Solicitud de convocatoria dunha sesión extraordinaria do Pleno

34706 (10/SCDP-000003)

Grupo Parlamentario de En Marea

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Solicitud de convocatoria dunha reunión urxente da Deputación Permanente para que se proceda á convocatoria dun Pleno extraordinario coa seguinte orde do día:

1. Comparecencia do presidente da Xunta para dar conta dos feitos, analizar as responsabilidades e as actuacións que deben levarse adiante de xeito inmediato após o sinistro do Marisquiño.
2. Creación dunha Comisión de investigación para determinar as causas e dirimir as responsabilidades políticas no accidente producido o pasado 12 de agosto durante a celebración do festival do Marisquiño en Vigo, así como propoñer as actuacións necesarias para evitar que sinistros destas características poidan repetirse.
3. Comparecencia do conselleiro de Sanidade para que dea explicacións sobre a falta de reforzo do Servizo de Urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro nas xornadas posteriores ao sinistro do Marisquiño.

SUMARIO

Ábrese a sesión ás doce do mediodía.

Logo de abrir a sesión, o señor presidente solicítalle ao secretario da Mesa que comprobe a asistencia. (Páx. 4.)

O señor secretario, Losada Álvarez, en substitución da secretaria titular, señora Blanco Rodríguez, le a relación dos membros da Deputación Permanente, que van confirmando a súa asistencia ou, se é o caso, informando das substitucións. A continuación, comunícalle ao señor presidente a existencia de quórum. (Páx. 4.)

Solicitud, dos GG. PP. de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego, de convocatoria dunha sesión extraordinaria do Pleno coa seguinte orde do día:

1. Comparecencia do presidente da Xunta para dar conta dos feitos, analizar as responsabilidades e as actuacións que deben levarse adiante de xeito inmediato após o sinistro do Marisquiño.

2. Creación dunha comisión de investigación para determinar as causas e dirimir as responsabilidades políticas no accidente producido o pasado 12 de agosto durante a celebración do festival do Marisquiño en Vigo, así como propoñer as actuacións necesarias para evitar que sinistros destas características poidan repetirse.

3. Comparecencia do conselleiro de Sanidade para que dea explicacións sobre a falta de reforzo do Servizo de Urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro nas xornadas posteriores ao sinistro do Marisquiño.

O señor presidente procede a informar sobre a ordenación do debate e os tempos de intervención dos grupos. (Páx. 5.)

Rolda dos grupos propoñentes: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 5), Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 8.)

Rolda dos grupos non propoñentes: Sr. Losada Álvarez (S) (Páx. 10), Sra. Egerique Mosquera (P). (Páx. 14.)

Rolda de réplica dos grupos propoñentes: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 17), Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 19.)

Votación da solicitude de convocatoria dunha sesión extraordinaria do Pleno, co contido sinalado na orde do día, por petición dos GG. PP. de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego: rexeitada por 6 votos a favor, 16 en contra e ningunha abstención. (Páx. 20.)

Remata a sesión ás doce e cincuenta e un minutos do mediodía.

Ábrese a sesión ás doce da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Damos comezo á sesión da Deputación Permanente e para iso prégolle ao secretario, neste caso substituíndo a señora Blanco, o señor Losada, que proceda á comprobación de asistencias.

O señor SECRETARIO (Losada Álvarez): Grazas, señor presidente.

Álvarez Martínez, Luis Manuel: Si.

Arias Rodríguez, Raquel: Si.

Conde López, Francisco José (*substituído por D^a Marta Rodríguez Arias*).

Cuña Bóveda, María de los Ángeles: Si.

Fernández Gil, César Manuel: Si.

Fernández Leiceaga, Xoaquín María: Si.

Mato Otero, Beatriz (*substituída por D. Gonzalo Trenor López*).

Núñez Feijóo, Alberto (*substituído por D. Alberto Pazos Couñago*).

Pontón Mondelo, Ana Belén: Si.

Prado del Río, Paula: Si.

Puy Fraga, Pedro: Si.

Rodil Fernández, Olalla (*substituída por D. Xosé Luís Bará Torres*).

Romero Fernández, Cristina Isabel: Si.

Rueda Valenzuela, Alfonso (*substituído por D^a Teresa Egerique Mosquera*).

Sánchez García, Antón: Si.

Santos Queiruga, Carmen: Si.

Tellado Filgueira, Miguel Ángel: Si.

Vilán Lorenzo, Patricia: Si.

Villares Naveira, Luis: Si.

Estando presentes o presidente, señor Santalices Vieira, o vicepresidente, señor Calvo Pouso, e este secretario que lles fala, en substitución da señora Blanco Rodríguez, hai quórum, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Punto único:

Solicitude, dos GG. PP. de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego, de convocatoria dunha sesión extraordinaria do Pleno coa seguinte orde do día:

1. Comparecencia do presidente da Xunta para dar conta dos feitos, analizar as responsabilidades e as actuacións que deben levarse adiante de xeito inmediato após o sinistro do Marisquiño.

2. Creación dunha comisión de investigación para determinar as causas e dirimir as responsabilidades políticas no accidente producido o pasado 12 de agosto durante a celebración do

festival do Marisquiño en Vigo, así como propoñer as actuacións necesarias para evitar que sinistros destas características poidan repetirse.

3. Comparecencia do conselleiro de Sanidade para que dea explicacións sobre a falta de reforzo do Servizo de Urgencias do Hospital Álvaro Cunqueiro nas xornadas posteriores ao sinistro do Marisquiño.

O señor PRESIDENTE: A ordenación do debate farase do seguinte xeito: rolda dos grupos parlamentarios propoñentes por un tempo de dez minutos, correspondéndolle cinco minutos a cada un deles, rolda dos grupos parlamentarios non propoñentes por un tempo de dez minutos e unha rolda de peche dos grupos propoñentes por un tempo aproximadamente de dous minutos e medio.

Comezamos, polo tanto, a rolda dos grupos parlamentarios propoñentes, neste caso o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten para iso a palabra a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas e moi bo día, señores e señoras deputadas.

Hoxe, como xa nos adianta o presidente do Parlamento, estamos nesta Deputación Permanente cunha proposta, que é moi clara, sobre a mesa: que convoquemos un pleno extraordinario e específico sobre o grave accidente do Marisquiño, que nós pensamos que é o mínimo que podemos facer despois da situación tan grave que se viviu en Vigo. Un pleno onde o prioritario para o BNG son dúas cousas: en primeiro lugar, que o presidente da Xunta compareza, dea a cara neste Parlamento despois dun accidente de extrema gravidade que puxo en risco a vida de miles de persoas e deixou catrocentas feridas. E, en segundo lugar, que se cree unha comisión de investigación, porque as vítimas e as súas familias teñen dereito a coñecer a verdade, a ter unha explicación veraz de cales son as causas do accidente, e tamén porque nós pensamos que en democracia as persoas que ostentan responsabilidades públicas, despois de feitos tan graves como os que se viviron no Marisquiño, teñen que dar a cara e teñen que asumir as responsabilidades. Insisto: estamos falando dun accidente que puxo en risco a vida de miles de persoas e que nos deixou máis de catrocentas feridas.

Entendemos nós que alguén terá que ser responsable de que se desmorone unha infraestrutura que é pública, porque penso que é importante sinalar —e eu polo menos estou convencida disto— que, se en vez de estar falando neste caso dun espazo público titularidade da Administración xeral do Estado, estiveramos falando dun local privado, non teño ningunha dúbida de que hoxe o dono desa instalación seguramente xa non é só que estivera imputado senón que estaría en cadea preventiva.

Polo tanto, nós o que agardamos hoxe é que exista vontade de acordo unánime neste Parlamento para convocar este pleno, que cremos que é unha débeda coas vítimas deste accidente, que teñen dereito a ter resposta.

E tamén quero dicir hoxe neste Parlamento que cremos que convocar este pleno polo menos paliaría un pouco unha imaxe que nós pensamos que é bastante triste e bochornosa que levan dado durante estas últimas semanas o Partido Popular e o Partido Socialista, un Partido

Popular e un Partido Socialista que desde o minuto cero se instaloron nun pim pam pum grotesco, deixándonos moi claro que están máis interesados en botar balóns fóra que en asumir con normalidade e humildade que hai fallos, que se produciu unha cadea de irresponsabilidades que deben de ser analizadas, asumidas e corrixidas.

Se lles son absolutamente sincera, o que penso é que o problema que teñen o Partido Popular e o Partido Socialista neste accidente é que aquí non hai un único maquinista; aquí hai varios maquinistas: está quen organiza, está quen financia, está quen autoriza e tamén está quen mira para outro lado a pesar de que ten a responsabilidade de inspeccionar; é dicir, está a organización, está o Concello de Vigo, está a Autoridade Portuaria e a Xunta de Galiza.

Por iso, nós entendemos que é o Parlamento de Galiza quen debe de investigar, determinar as responsabilidades, que as asuman as persoas e os cargos que teñan que asumilas e, sobre todo, que teñamos capacidade para tomar medidas e para evitar que este tipo de accidentes se poidan repetir.

Polo tanto, nós hoxe agardamos altura de miras, madurez democrática e que non repitamos esas excusas de mal pagador, que cada vez que se fala de algo dos concellos nos digan que isto é un problema coa autonomía local, ou que se vaia a ese xa clásico de que, como hai unha investigación xudicial, o Parlamento está pechado á hora de analizar e determinar responsabilidades.

Nunha democracia hai responsabilidade xudiciais; poden ser penais ou civís, para iso están os tribunais; e agardamos, de verdade, que os tribunais poidan actuar con rapidez, que non haxa interferencias; e sería bo que se incrementaran os medios para que ese xuízo fora o máis rápido posible. Pero, ao mesmo lado que esas responsabilidades, están as responsabilidades políticas, e quen mellor as pode determinar son os parlamentos; para iso ten que servir o Parlamento de Galiza.

E nós temos moi claro que aquí tamén hai unha responsabilidade política, porque non estamos falando de que fallara o escenario no que se estaba actuando, senón que estamos falando de que se desmoronou un peirao, unha pasarela que é titularidade pública, e, polo tanto, o que non se pode dicir é que ninguén ten ningunha responsabilidade, sobre todo porque este evento, ademais, é un evento cofinanciado desde o ámbito público, coorganizado na práctica desde o ámbito público, e que foi autorizado directamente por dúas administracións distintas, pola Autoridade Portuaria e polo Concello de Vigo, e onde a maiores, despois das declaracións destes días, tamén sabemos que a Xunta, sabendo que había problemas estruturais, que había outras deficiencias desde o punto de vista do cumprimento da lei, que ten a obriga de velar polo seu cumprimento —e vou rematando—, non actuou.

Polo tanto, hai unha cadea de irresponsabilidades, do Concello e da Autoridade Portuaria, sabendo que ese peirao está en malas condicións e levando anos nun pim pam pum absolutamente estéril. A Autoridade Portuaria, que concede permiso para ocupación. E, de verdade, parécenme lamentables declaracións como as do señor López Veiga dicindo que as fixo a risco e ventura da organización, cando hai unha Lei de portos que o obriga a velar porque

esas instalacións estean en bo estado, e que ten que pedir toda a documentación para garantir o interese xeral; se a vida das persoas non é garantir o interese xeral, a min que veña o señor López Veiga e que mo diga. Ou tamén vemos agora a Xunta dicindo que non coñecían o plan de autoprotección; e eu preguntome: se non o coñecían, ¿como fixeron para coordinar as emerxencias?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Pasaron de todo. Non lles importa, non teñen ningún tipo de control neste ámbito. É dicir, hai unha cadea de irresponsabilidades que nós desde logo queremos que se depuren.

O señor Rueda xa nos anunciou que vai vir comparecer. A nós parécenos ben. Cremos que é un debate diferente do que hoxe plantexamos, porque, efectivamente, hai moito que falar do que están facendo en emerxencias e do funcionamento desa Lei de espectáculos que hai uns meses nos presentou neste Parlamento dicindo que ía mellorar a seguridade na celebración de espectáculos públicos e que xa vemos como se salda no seu primeiro ano.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: E remato, simplemente, señor presidente, con tres cuestións moi breves.

Quero enviar de novo a nosa solidariedade con todas as vítimas e agardar a súa recuperación, sobre todo psíquica e emocional, o recoñecemento de todos os traballadores e traballadoras dos servizos sanitarios e de emerxencias, así como da solidariedade que houbo no momento do accidente.

E, por último, eu tamén apelo á súa conciencia e que hoxe non pensen se son do PP, do PSOE, do Bloque ou da Marea, senón que pensen que hai uns cidadáns que viviron un accidente e que teñen dereito a saber cal é a verdade. E para nós, como representantes deses cidadáns, a nosa obriga é estar aí para que a verdade emerxa.

Moita grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Pronúnciome, señor presidente. ¿Sobre os tres puntos, verdade? ¿Sobre o primeiro punto ou sobre os tres?

O señor PRESIDENTE: Sobre os tres.

O señor VILLARES NAVEIRA: Sobre os tres.

Ao día seguinte do accidente do Marisquiño, o presidente da Xunta de Galicia saíu nos medios de comunicación a dicir que se sentía abochornado polo sucedido e que esperaba unha explicación verosímil sobre todo o que sucedera. Pois moi ben, aquí estamos no Parlamento de Galicia para poñer as condicións para que haxa unha explicación verosímil do sucedido, para empezar mediante a propia comparecencia de quen dicía sentirse abochornado. Esta é unha oportunidade política que desde En Marea lle brindamos ao presidente da Xunta de Galicia, precisamente para que o presidente da Xunta poida cumprir coa función que lle corresponde dentro desa explicación verosímil e para que, ademais, poida libraros ao conxunto da cidadanía do bochorno que como cidadáns e cidadás nos produce o accidente producido. A nós si que nos produce bochorno e, ademais, prodúcenolo especialmente porque temos varias administracións con responsabilidades concorrentes e, desde logo, cremos que merecemos, que merece a cidadanía, comezando polas propias vítimas do propio accidente e a seguir polo conxunto da cidadanía, unha explicación verosímil do sucedido.

Pois moi ben, aquí ten o presidente da Xunta de Galicia a oportunidade de explicarse e de sacarse ese bochorno de enriba.

O que non é admisible, politicamente, é lanzar a pedra, guindar a pedra e despois esconder a man, dicir que se queren explicacións, dicir que se sente vergoña do sucedido, pero despois, cando chega a hora da verdade, ocultarse e parapetarse detrás de terceiros. Cremos que é o momento no que o presidente da Xunta de Galicia debe de dar a cara.

Entendemos que debe de ser el e non abonda con que sexan outros conselleiros ou conselleiras por unha razón, e é que existen como mínimo da responsabilidade da Xunta de Galicia varios departamentos que tiveron intervención previa ou posterior ao propio sinistro do Marisquiño. Polo tanto, pensamos que soamente hai unha persoa que actúa como director de orquestra deste concerto falido, neste caso, que é o presidente da Xunta Núñez Feijóo.

Estamos falando, en primeiro lugar —e iso foi o que xa avanzou a Xunta con relación á comparecencia de Alfonso Rueda—, da Lei de espectáculos, si, de dar conta sobre o papel que tivo a Lei de espectáculos e o réxime legal que establecía para todo o que tiña que ver coa autorización da Marisquiño. É unha das patas —seguramente non, con certeza— das responsabilidades que haxa que dilucidar aquí, é unha desas patas, pero non é a única desas patas.

En segundo lugar, queremos lembrar que o presidente da Autoridade Portuaria, o señor López Veiga, está nomeado tamén pola Xunta de Galicia, coa firma nominal da conselleira do Mar no seu nomeamento, e, polo tanto, responsabilidade política última tamén do presidente da Xunta de Galicia.

E, en terceiro lugar, porque en relación coa tramitación posterior ao sucedido co Marisquiño, particularmente con relación ao reforzo do Servizo de Urgencias no Hospital Álvaro Cunqueiro, a Consellería de Sanidade debería de explicar tamén por que con 189 atendidos adicionalmente soamente esa propia noite e durante as vinte e catro horas seguintes e máis de 460 durante os catro días posteriores non houbo un reforzo dos servizos de urxencias adecuado tamén a esa situación. E dicimos adecuado a esa situación porque parece que a Consellería de Sanidade, concretamente o Sergas, cando emitiu unha circular esta semana, a

semana pasada, fronte a esta iniciativa, parecía esquecer a diferenza entre os servizos de emerxencias que atenden no lugar dos feitos e o Servizo de Urxencias do propio Álvaro Cunqueiro. Polo tanto, se o propio conselleiro nin sequera é capaz de distinguir ámbitos de actuación e responsabilidades, pensamos que debe dar tamén explicacións.

Polo tanto, esas tres actuacións que como mínimo lle corresponden á Administración autonómica e que lles corresponden a tres departamentos diferentes xustifican sobradamente que Núñez Feijóo *El abochornado* poida ser Núñez Feijóo *El explicante* de cal é a responsabilidade da Xunta de Galicia concretamente neste momento. E dicimos neste momento porque sabemos que, andando o tempo, poden variar tamén as situacións que xustifiquen unha nova comparecencia.

Isto lévanos tamén a analizar o segundo punto, e é a petición dunha comisión de investigación no Parlamento. ¿Por que unha comisión de investigación e por que no Parlamento?

Miren, en primeiro lugar, a comisión de investigación parlamentaria cumpre unha función, unha función que non pode cumprir a investigación xudicial. Xa se dixo aquí: a investigación xudicial cobre responsabilidades penais ou se acaso civís, ou se acaso tamén administrativas, e a comisión de investigación no ámbito parlamentario ten unha finalidade de dilucidar, en primeiro lugar, responsabilidades políticas, pero, en segundo lugar, e o que é máis importante e o que non fan as investigacións xudiciais —as investigacións xudiciais miran cara ao pasado: que foi o que sucedeu, de quen foi a responsabilidade do sucedido, pero non miran cara ao futuro; unha investigación xudicial, incluso unha sentenza, non lle di á Administración o que ten que facer, que reformas lexislativas hai que facer, como poden incrementarse as condicións de seguridade á hora de establecer o uso dos espazos públicos, portuarios ou non, e á hora de establecer unha regulación coherente coas necesidades de seguridade na Lei de espectáculos no noso país—, para iso é para o que vale unha comisión de investigación.

¿Por que no Parlamento de Galicia? Por dúas razóns. A primeira delas, porque o accidente se produce nun espazo público, no demanio público portuario, e queremos lembrar que existen 122 portos de interese galego, que moitos deles utilizan particularmente no verán as súas instalacións, o propio recinto, o propio espazo público, o dominio público, que é de todas e de todos, para actividades abertas ao público.

Polo tanto, queremos que exista a certeza de cara ao futuro sobre como utilizar ese demanio público en condicións tamén de seguridade e que os usos públicos sexan coherentes...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...—si, vou rematando— con esta situación.

E, en segundo lugar, porque a Lei de espectáculos públicos, aprobada como competencia deste Parlamento, a propia lei aprobada nesta Cámara hai menos dun ano, é a que regula o desenvolvemento en condicións de seguridade e a que determina as competencias concorrentes tanto de autorización como de inspección en todo o noso país.

Polo tanto, a cidadanía galega ten interese nas dúas cousas: na utilización en condicións de seguridade dos espazos abertos ao público, dos espazos públicos, concretamente dos portuarios, e, en segundo lugar, nunha regulación que para o futuro mellore tamén as condicións nas que se debe producir a autorización de espectáculos públicos.

Nós consideramos, polo tanto, que iso xustifica unha comisión de investigación neste Parlamento.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Rolda de grupos non propoñentes.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada, por un tempo de dez minutos.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Si, grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Eu quero comezar a miña intervención manifestando o apoio do Partido Socialista de Galicia ás vítimas do accidente do Marisquiño e ás súas familias, manifestando tamén a admiración pola enteiraza que mostrou, nun momento complicado, de noite, nun marco dun concerto con aproximadamente catro mil asistentes, a propia boa autoorganización —por dicilo dalgunha maneira, penso que así se chama e que eu sempre defendo— da sociedade civil. Hoxe mesmo na prensa aparecen recollidas as manifestacións de sanitarios, persoal sanitario do Hospital Álvaro Cunqueiro, sinalando a tranquilidade —por dicilo dalgunha maneira— dos afectados á hora de acudir aos centros sanitarios.

E funcionou perfectamente, funcionou a coordinación de servizos de distintas administracións —e espero non esquecer ningún—: bombeiros, Policía Nacional, Policía Local, Garda Civil, Protección Civil, o 061, as emerxencias médicas —tanto *in situ* como nos centros hospitalarios—, o propio operativo de seguridade privada da organización, a propia colaboración cidadá, os taxistas da cidade de Vigo —que ofreceron e puxeron á disposición de maneira gratuíta os seus taxis—, os autobuses públicos de Vitrasa —que tamén foron mobilizados para trasladar os afectados que non tiñan ningún tipo de lesión—.

E, polo tanto, entendendo perfectamente, máis alá das lesións físicas, a ansiedade que xera un accidente deste tipo, pois afortunadamente o impacto en termos de danos persoais pois foi seguro que para os afectados grave para cada un, pero colectivamente, vendo o accidente, eu creo que non digo que satisfactorio, pero eu creo que se me entende perfectamente.

Houbo, exactamente, 467 afectados. Cando se fala de miles de afectados, a verdade é que a tendencia ao melodrama a min ás veces resúltame un pouco... Non houbo miles de afectados, porque entre outras cousas, había catro mil persoas escasas no concerto, e, polo tanto, os

afectados son alí onde se afundi o chan; o resto, efectivamente, afectados, toda a cidadanía de Galicia e probablemente de España, pero eu creo que convén ser precisos.

Polo tanto, 467 afectados, 8 hospitalizados. Afortunadamente, unha semana despois, oito días concretamente despois do accidente, xa non quedaba ningún paciente hospitalizado en ningún centro.

E, polo tanto, o apoio ás vítimas e o agradecemento a todos os servizos de emerxencia que traballaron.

Quero lamentar pois a posición dalgúns grupos parlamentarios que defenden con forza neste Parlamento a autonomía local, especialmente cando falamos da Coruña, Santiago, Ferrol ou Pontevedra, e a defenden con moita menos forza cando falamos doutros concellos. Eu non sei se está correlacionado co nivel de representación que teñen nos distintos concellos ou se está relacionado cunha estratexia electoral, por suposto lexítima, pero que eu quero sinalar aquí.

E, desde logo, sorpréndeme tamén —digamos— a celeridade na petición desta comisión de investigación, porque eu recordo que, como critiquei o Partido Popular cando no ano 2006, pouco despois do enterro de dúas vítimas mortais na vaga de lumes do ano 2006, se solicitou unha comisión de investigación, critiqueino naquel momento e críticoo agora. Polo tanto, creo que estou minimamente lexitimado para facelo.

En canto á solicitude, claro, a vantaxe de ter representación escasa é que ás veces hai datos que non son de todo precisos. Non se derrubou ningunha pasarela de madeira —oxalá—, porque, se o que se derruba é unha pasarela de madeira, había debaixo unha pasarela de formigón armado que tería sostido os asistentes a ese concerto; derrubouse unha pasarela de formigón armado pilotada, feita a mediados dos anos oitenta e que formaba parte, e forma parte, da estrutura da liña de costa do porto de Vigo. Polo tanto, insisto: convén ser precisos nas exposicións de motivos, porque, desde logo, xa que abusamos —na miña opinión, pero é unha opinión literaria— da adxectivación, pois convén, alí onde non é necesario, adxectivar e ser precisos.

Falan tamén os grupos propoñentes de que coñecen que tanto a Autoridade Portuaria como o Concello de Vigo tiñan coñecemento das deficiencias que presentaba ese peirao. ¿Cando? ¿Onde? ¿Que coñecemento? ¿Que informes técnicos? A min gustaríame sabelo, porque —os grupos propoñentes tiveron representación algún deles durante moito tempo no Concello de Vigo, e o Grupo de En Marea continúa a tela— estaría ben que todo este coñecemento que parece que existía dunha maneira clarividente fose, en fin, plantexado como liñas de acción política.

Polo tanto, eu lamento que esta iniciativa, na nosa opinión, forme parte desa cerimonia da confusión. Por un lado, estamos falando de competencias que son moi escasamente autonómicas —en todo caso, estatais e locais—, e, polo tanto, da mesma maneira que mantivemos esta posición para a comisión de investigación relacionada co accidente do Alvia no Parlamento galego, entendemos exactamente o mesmo.

Non cremos que a misión das comisións de investigación sexa acumular frustracións, e, lamentablemente, coa experiencia por exemplo das caixas xa poderíamos ter aprendido, pero ben, parece que necesitamos máis leccións.

Efectivamente, este accidente, grave —insisto: grave; só faltaría que alguén minusvalorara a gravidade—, está sendo levado a unha investigación aberta polo Xulgado de Instrución número 3 de Vigo por un presunto delito de lesións imprudentes.

E, efectivamente, eu quero falar, de maneira moi telegráfica, do papel que teñen xogado ou que xogaron as distintas administracións, e desde logo quero empezar polo Concello de Vigo, que entende —el e os seus servizos xurídicos e técnicos— que a zona afectada é unha zona de uso estritamente portuario —así aparece publicado no BOE do día 6 de maio de 2015—, na zona que efectivamente estaba cedida ao Club Náutico e cando o Club Náutico deixe de utilizala volve ao Porto. E o Concello, exactamente, segundo a Lei de espectáculos de Galicia, válida, inspecciona o plan de autoprotección presentado polos organizadores, e que, por certo, estaba tanto á disposición do Porto de Vigo como do propio Concello, por moito que inicialmente se dixera que non por parte do Porto, que logo que tivo que recoñecer que si que estaba. E, por suposto, o Concello autoriza aquilo para o que se lle pide autorización e revisa exactamente as actuacións que se desenvolven en zona municipal, como foi dentro do propio Marisquiño a carreira BTT, que é unha carreira de bicicletas en forte pendente —eu non son un experto deportista, pero creo que é algo diso—, e, efectivamente, houbo que facer modificacións en termos de seguridade para o desenvolvemento desa carreira.

Polo tanto, esta é a posición que mantivo o Concello, a posición de apoio tamén aos afectados, coa apertura dunha oficina de asesoramento o antes posible, e desde logo nesa liña imos ou vai continuar traballando.

Houbo unha reunión de seguridade previa ao Marisquiño, a finais de xuño, na que estaban presentes todas as administracións concernentes, e, por certo, ningunha manifestou ningunha reserva. Insisto: o plan de autoprotección feito polos organizadores estaba claramente validado.

É verdade que a Xunta, o señor Rueda, nalgún momento fixo ruído co tema de se ese plan non estaba inscrito na Dirección Xeral de Emerxencias, que en todo caso non supuña ningún tipo de autorización, senón que era unha cuestión informativa de cara a que se ocorría calquera accidente o 112 tivera esa información dispoñible.

A asociación empresarial Festivais de Galicia contestou que esa inscrición soamente é necesaria en eventos maiores de vinte mil persoas, que evidentemente non é o caso deste concerto. Volvo repetir: o Marisquiño, para quen non o saiba, é un festival urbano onde se desenvolven moitas actividades, pero en distintos días, en distintos horarios e en distintas localizacións xeográficas da cidade de Vigo e do porto de Vigo.

Desde logo, eu como vigués sentínme moi orgulloso de que a secretaria xeral para o Deporte do Goberno galego e a secretaria xeral de Turismo foran facerse fotos ao Marisquiño. É unha lástima que non estiveran a noite na que algunha voceira do Partido Popular dixo que o alcalde de Vigo foi facerse fotos, o alcalde de Vigo, que estivo alí exactamente ata as 4 da mañá

desde as 12 da noite. Quen foi facerse fotos foi o señor Feijóo ao Hospital Álvaro Cunqueiro ao día seguinte. De fotos podemos falar longo e tendido durante moito tempo. Pero insisto: gustaríame profundar nese debate con outros interlocutores.

E no caso do Porto de Vigo pois temos un perfecto cambio de terzo. Empezou dicindo que era un fallo estrutural, que, por certo, é o que todos os técnicos din antes dos estudos desenvolvidos e aparentemente que se produciu, é dicir, que efectivamente unha estrutura de formigón por distintas razóns se afundiou. É verdade que debeu de haber unha presión importante desde a Xunta de Galicia porque tres horas despois se autoemendou e dixo que en realidade era falta de mantemento por parte do Concello.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Vou rematando, señor presidente.

O Concello ten que manter esa estrutura de madeira, que non é a que se derrubou, derrubouse tamén porque se derrubou o seu soporte. E ben, ao final, nunha terceira fase —isto é como *Encontros na terceira fase*—, o Porto acabou acusando os organizadores do evento.

E, mentres tanto, o Partido Popular, na súa liña habitual: primeiro, o bochorno, do que xa falou o voceiro de En Marea, do señor Feijóo, que a min me sorprendeu moito; a min desde logo abochórnanme moito máis as viaxes en iate pola ría; abochornoume moito máis a mangueira e os mocasíns cando aínda estaba ardendo toda Galicia; e, por certo, sendo máis recente, abochórname moito máis que nun PAC dun concello de máis de vinte e cinco mil habitantes un paciente faleza por falla de atención médica. É verdade tamén que lamento que non haxa esa vehemencia investigadora en termos de comisión parlamentaria nun tema que desde logo si é claramente competencia do Goberno autonómico.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Logo tamén o político galego máis charlatán compareceu todos os días desde que aconteceu o accidente, todos, absolutamente todos. Polo tanto, en fin, a min gustaríame tamén a catadura política, non moral, destas intervencións.

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: E logo por último, e remato con isto, remato porque ademais sempre hai unha chamada do Partido Popular ao respecto dos funcionarios. No Concello de Vigo non se fabrican informes exprés, *ex post*, non se fabrican. Eu entendo que militantes dun partido que fabrica militantes propios, que fabrica másteres e que destroza ordenadores pensen que todo se pode fabricar e destrozarse, pero a ética política debería de ter un límite.

Imos votar en contra do desenvolvemento desta proposta.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Bos días.

A verdade é que, en primeiro lugar, cómpre lembrar que hoxe estamos aquí para decidir se é necesario celebrar un pleno extraordinario coa orde do día proposta ou non é necesario. Polo tanto, os grupos debemos xustificar por que razón deberíamos votar afirmativa ou negativamente esta proposta. Non estamos aquí para debater quen é máis ou menos responsable segundo a administración na que governe, segundo os seus intereses políticos, polo que estamos ollando aquí. E no caso do Bloque Nacionalista Galego quizais porque non teña representación no Concello de Vigo e, polo tanto, ten que dar as explicacións pertinentes aquí no Parlamento.

Temos que preguntarnos: ¿é realmente necesario que o presidente da Xunta e o conselleiro de Sanidade comparezan nun pleno extraordinario?

Vostedes saben —e recoñecérono aquí agora ademais— que funcionou de xeito impecable. Se hai algo do que nos sintamos absolutamente orgullosos os vigueses e os galegos é do dispositivo sanitario desenvolvido durante o sinistro. Realmente a coordinación foi áxil e eficaz, e foi sobre todo resolutiva, que era o que se pedía nese momento, cando estamos falando de que cae unha plataforma de madeira sobre a auga do mar. Polo tanto, nós xa felicitamos a todas as persoas e profesionais que participaron neste dispositivo, e hoxe, dende o Grupo Parlamentario Popular, facémolo de novo. Salvaron vidas, atenderon os familiares e afectados de xeito impecable —insisto—; aí non creo que teñamos que poñer ningún pero.

Polo tanto, xa se fixeron públicos os recursos empregados. Pero por se vostedes non estiveron ao tanto disto, os recursos mobilizados por parte da Xunta foron: cinco UVI, doce ambulancias de soporte vital básico, vinte e catro ambulancias de apoio, tres ambulancias da Cruz Vermella, dous equipos sanitarios do PAC, tres vehículos de apoio loxístico, un vehículo de Protección Civil, ademais da instalación dun posto de mando médico, un punto de triaxe inicial e un posto de carga de ambulancias. E ademais reforzáronse as Urgencias do Álvaro Cunqueiro e do PAC con dezaseis facultativos.

Non me quero esquecer do ofrecemento de tantos profesionais que, estando fóra da súa quenda de traballo, quixeron achegarse tamén para axudar. Non me quero esquecer dos mariñeiros e das persoas anónimas que tamén axudaron a salvar vidas, nin dos responsables de seguridade, tanto do evento como da Policía Local e das outras forzas de seguridade.

Polo tanto, estamos falando de 467 vítimas afectadas, é dicir, 467 persoas feridas, que afortunadamente hoxe están de alta. E nós tamén amosamos a nosa solidariedade e un agarimoso abrazo a todos os familiares e a todas as vítimas, porque isto ten que ter un proceso de recuperación tamén psicolóxico e non só físico.

Preguntan que fixo e onde estaba o conselleiro de Sanidade para plantexar este pleno extraordinario. Pois xa o dixo tamén el: estivo xunto ao xerente da EOXI de Vigo, no Servizo de

Urxencias do Álvaro Cunqueiro, coordinando o dispositivo sanitario. E se esa coordinación funcionou de xeito impecable, eu creo que a comparecencia do conselleiro de Sanidade non ten ningún sentido, e menos nun pleno extraordinario neste parlamento. Polo tanto, nada que obxectar, nada que ocultar a este respecto, porque volvo dicir que se algo non se cuestiona foi a acción sanitaria e de emerxencia.

Unha acción e unha responsabilidade que se amplía tamén, por suposto, ao presidente da Xunta, quen dende o primeiro momento estivo en contacto co propio conselleiro de Sanidade, co delegado da Xunta —presente tamén alí ata altas horas da madrugada cando se desenvolveu o accidente— e con algunhas das persoas presentes no sinistro. Polo tanto, unha disposición do presidente en todo momento e unha disposición de todo o seu Goberno en todo momento ante calquera sinistro para o que fora preciso.

En definitiva, saben tan ben coma min que solicitar a comparecencia do presidente da Xunta e solicitar a comparecencia do conselleiro de Sanidade non ten ningún sentido. Polo tanto, cremos que está fóra de lugar, aínda por riba sabendo que o período de sesións ordinario comeza xa o vindeiro luns. Menos sentido ten aínda que vostedes digan que quere agocharse ou que quere agochar información, cando o vicepresidente da Xunta tamén rexistrou unha comparecencia a petición propia xa no primeiro pleno para debater sobre este sinistro, sobre estes feitos, e para que vostedes poidan plantexar e poidamos falar nun pleno ordinario de todo o que aconteceu esa noite.

Vostede, señor Villares, fala de que hai que pedir garantías de futuro, que o procedemento xudicial non é suficiente. Nós cremos que hai unha Lei de espectáculos públicos de Galicia —que ademais aprobamos hai pouco tempo— que é unha garantía para todos os galegos, é unha garantía para as persoas que realizan espectáculos públicos e que se dedican a esta actividade en Galicia. Polo tanto, o cumprimento desas leis é a garantía que teñen todos os galegos de cara ao futuro para a celebración de eventos, independentemente do concello no que vivan e independentemente do concello no que se celebre o dito evento.

Hoxe tócalle a Vigo. O voceiro do Partido Socialista fala da autonomía local, hoxe si que expón claramente que é importante a autonomía local. Entón, eu vou seguir ese fío lembrándolle que esta autonomía local terá que manifestarse alí. Polo tanto, nós queremos transparencia, nós queremos exixencias —que exixen tamén os propios afectados e que exixen os partidos da oposición—, e, polo tanto, queremos tamén esa transparencia e esas exixencias que vostedes aquí moitas veces solicitan. Nós, neste caso, entendemos que vostede asume esas responsabilidades locais dentro da celebración dese evento.

Porque nós, dende o Partido Popular, non variamos o discurso segundo conveña. É algo que vostedes, señores do Partido Socialista, fan permanentemente. E nós entendemos tamén que o Bloque Nacionalista Galego teña que ter esta fiestra para falar, xa que alí en Vigo non ten representación para asistir a un pleno extraordinario, que xa se vai celebrar no Concello de Vigo.

Poderíamos preguntarlle, señor Losada: ¿onde estaba o subdelegado do Goberno?, ¿onde estaba o secretario xeral do Partido Socialista?, ¿onde estaba o propio concelleiro de Seguri-

dade? Poderíamos estar así. Se vostede quere dirimir e quere centrar as competencias unicamente na Administración local, e cre que este tema supera todo o que é o ámbito local de Vigo, pois entón alí será o escenario onde terán que facerse os debates políticos.

Pola súa intervención queda claro que o Partido Socialista de Galicia está en mans de Abel Caballero; unha vez máis vemos aquí o papel da marioneta que vostedes forman. Xa temos visto na anterior lexislatura algunhas situacións deste estilo, e hoxe outra vez pasa o mesmo.

Nós queremos insistir en que Vigo é a cidade e o escenario onde se ten que aclarar este tema. Agora si, nós, para debater calquera debate político, calquera comisión de investigación, agardamos ao luns, cando —insisto— comeza o período de sesións, e aí teremos tempo de plantexar calquera tema e de decidir se é necesario que se realice ou non se realice.

Polo tanto —insisto—, en Vigo xa se vai celebrar un pleno extraordinario o día 5 sobre este tema, e queremos escoitar alí o concelleiro de Seguridade e o propio alcalde. Queremos escoitar o alcalde elocuente que agora baixa a cabeza, ou o telonero dos concertos, o xefe do Celta, o dono das Cíes, o experto en arte contemporánea; queremos falar da estrela televisiva, o alcalde que case foi el mesmo o organizador do Marisquiño —eu teño escoitado como el sabía perfectamente case ata as propias ramplas que tiñan que baixar os profesionais—. Polo tanto, ¿onde está? Nós queremos esa contundencia e esa elocuencia tamén para as explicacións.

Polo tanto, nós non sabemos por que leva quince días insultando e acusando outros políticos e outras administracións; non sabemos por que ocultou ata hai dous días os informes referentes a todos os permisos e todas as planificacións deste evento. E nós queremos saber tamén por que despois do accidente do Marisquiño ese mesmo alcalde prohibiu as festas de San Roque, precintou un paseo das mesmas características en Bouzas —un paseo que soporta ademais moitas persoas cando son as festas nesa parroquia—; por que pon trabas nas festas de Teis. É dicir, é moi curioso todo, pero non é casualidade.

Polo tanto, se aquí falamos de responsabilidade do Concello, nós falamos tamén de responsabilidade dun alcalde, dunha elocuencia que agora está completamente agochada. É unha demostración do absoluto descontrol do Concello de Vigo, cun alcalde absolutamente descontrolado. Se o propio Partido Socialista insiste en que este é un tema local e que supera o ámbito local de Vigo, nós aí estaremos tamén para debater todo o que sexa necesario.

Isto é todo o contrario ao Goberno autonómico. O Goberno autonómico actuou con eficiencia e con discreción; un goberno que vai dar a cara no Parlamento coa comparecencia do vicepresidente da Xunta. Unha Xunta da que cabe salientar o seu bo facer —ademais acaban de recoñecelo os tres voceiros— no que atinxiu as súas competencias, como foron as emerxencias sanitarias.

Eu creo que non vimos aquí determinar quen tivo máis ou menos responsabilidades neste asunto, vimos determinar se é necesario ese pleno extraordinario, e, polo tanto, tamén deberíamos aclarar diferentes acusacións que aquí se realizaron e algunhas escusas e autodefensa que ninguén plantexou.

Temos que falar dun convenio de mantemento, firmado no 1992 por tres políticos responsables do Partido Socialista; temos que falar dunha licenza de actividade, dunha autorización, pero —insisto— este non é o escenario. Aquí temos que determinar e decidir se é necesario realizar ese pleno extraordinario.

Nós cremos que non é necesaria a celebración deste pleno polas razóns aquí expostas, porque estamos a uns días do período ordinario e porque en Vigo xa se vai realizar —como dixen— un pleno extraordinario con este tema como único punto da orde do día. E, por suposto, seremos absolutamente respectuosos coa investigación xudicial paralela, como temos dito e feito sempre noutros casos. E —insisto— cando comece o período de sesións iremos determinando —vostedes teñen ademais todas as ferramentas que outorga este parlamento— os períodos de control, as comisións e todas as iniciativas que vostedes queiran plantexar.

Neste parlamento por parte do Grupo Popular nunca se elude o debate, nunca se eludiu o debate. Vostedes saben que o oitenta por cento das iniciativas que se debaten son da oposición. Nós cremos que se poñen nerviosos coas municipais porque lles cambian os guións; hoxe vemos outra demostración máis de que a oposición está cada vez máis fragmentada, non só internamente, senón tamén entre os diferentes partidos. Nós imos seguir na mesma liña, nós imos seguir traballando con responsabilidade, con prioridade, cos intereses dos galegos e das galegas por diante. Iso foi o que nos pediron nas urnas. Por iso temos a representación aquí neste parlamento. E iso é o que imos facer.

A determinación, as responsabilidades e o ámbito municipal para determinar que pasou co sinistro do Marisquiño é importante. E, señor Losada, se vostede está tan seguro de que alí é o ambiente, o aspecto e o lugar onde se ten que determinar, alí o faremos.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Rolda de réplica dos grupos proponentes.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Perdón, presidente, ¿canto tempo temos para a réplica?

(O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.)

O primeiro que quero dicir é que lamento que hoxe realmente vexamos aquí unha versión dun espectáculo que, para min, é un espectáculo cutre en relación con todo o que ten que pasar. E lamento especialmente a última intervención que acaba de facer a voceira do Partido Popular, que é todo un exemplo de falta de respecto a todas as persoas que estiveron implicadas e que viviron en primeira persoa este accidente.

Este non é un problema nin de Abel Caballero nin de se a vostede lle gusta máis ou menos. Creo que veu confundida, pois este é un debate do Parlamento de Galiza, non do Pleno do Concello

de Vigo. E realmente eu creo que é unha pena que non esteamos á altura despois dunhas circunstancias tan graves como as que se viviron en Vigo. E eu discrepo tamén aquí co Grupo Socialista porque eu creo que é moi grave que haxa un accidente no que hai 467 persoas feridas nun concerto no que había miles de persoas. Non me parece unha cuestión menor, nin baladí, nin para que poidamos dicir que este é un debate que se pecha única e exclusivamente cun pleno no Concello de Vigo ou na deputación, ou con responsabilidades na Autoridade Portuaria.

Estamos falando de que aquí fallou toda a lexislación e todos os controis nun evento de grandes características. E, claro, que o Partido Popular queira dicir que a Autoridade Portuaria non existe, que non ten ningunha responsabilidade, é todo un síntoma desa falta da mínima humildade e de respecto polas competencias que cada administración ten e polas responsabilidades que conleva estar á fronte dunha administración. Porque un non está á fronte dunha administración só para dar roldas de prensa, poñer a cara ou cobrar un salario ben remunerado, senón que ten que estar para dar a cara cando aparecen os problemas e asumir as responsabilidades que teña que haber. E hoxe ao que asistimos aquí é a unha falta de respecto aos cidadáns e á propia democracia, porque no fondo a vostede parécelle ben que haxa un pleno no Concello de Vigo. ¿Por que non un pleno extraordinario no Parlamento de Galiza ante un evento que está poñendo en cuestión o funcionamento da seguridade nos eventos, que está poñendo en cuestión a seguridade en infraestruturas públicas e onde — como o propio vicepresidente di — a Xunta ten competencias e ten responsabilidades? Se non, ¿por que solicita a súa comparecencia?, ¿non se dá conta da cantidade de contradicións que vostedes mesmos introducen en relación con este tema?

Eu lamento, desde logo, que hoxe neste parlamento non teñamos posibilidade de convocar un pleno extraordinario para abordar unha situación que é realmente unha situación moi grave, moi moi grave, porque puido ter consecuencias moitísimo maiores, e que unha vez máis vexamos como repiten o mesmo esquema.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Permítanme, desde logo, que dubide moitísimo do seu afán de colaboración coas investigacións xudiciais, non porque eu teña ningún problema nin porque teña ningunha teima, senón porque acabamos de velo co accidente de Angrois. Dixeron que ían colaborar coa investigación xudicial e o único que fixeron foi torpedeala, porque saben que, efectivamente, hai responsabilidades e que houbo interferencias políticas nesa investigación. Nós, desde logo, cremos que é moi grave esta maneira de dar resposta ante un accidente destas características, e o que falta é respecto polos cidadáns e, desde logo, respecto pola democracia.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Grazas, señor presidente.

Di o Partido Popular que non se elude o debate e, sen embargo, denéganse as comparecencias e denéganse as investigacións; polo tanto, non parece que ese sexa o escenario máis propicio

para o debate en termos políticos. Tamén o Partido Socialista fala das comisións de investigación, ás que se nega porque non constitúen ámbito propio, e nós amosamos e demostramos como aquí hai ámbito propio do espazo parlamentario galego.

Falamos de portos de interese xeral, de espazos de dominio público —algúns de titularidade galega—, non soamente con relación ao sucedido en Vigo, senón por transcender do local, porque o local interesa unicamente e seguramente no ámbito da investigación, ao espazo de investigación xudicial, e para aprender de cara ao futuro. Os espazos públicos —e os públicos portuarios, con cento vinte e dous portos de interese xeral galego— era algo que xustificaba sobradamente dar este debate aquí no Parlamento.

En segundo lugar, como se recoñece tamén polas partes, que se negan a dar este debate neste momento —o Partido Popular e o Partido Socialista—, temos unha Lei de espectáculos públicos, cuxo xerme foi o Parlamento galego. E aínda que a representante do Partido Popular di que funcionou perfectamente, tan perfectamente non funcionou porque no día de hoxe aínda se manteñen as incógnitas sobre o réxime autorizador: se estivo ben ou mal autorizado, quen tiña que inspeccionar, se o plan de autoprotección hai necesidade de rexistralo ou non, e, no caso de que non sexa necesario —como parece—, se iso é o correcto ou se talvez debera de modificarse o réxime.

Ben, todas esas son cuestións que é necesario debater, e debater con sosego, e por iso propoñemos un espazo propio para facelo, que é a comisión de investigación.

Asistimos durante dúas semanas xa longas a como o Partido Popular e o Partido Socialista estiveron peloteándose entre eles as responsabilidades, eludindo a propia responsabilidade, abochornándose polo sucedido pero escondéndose despois á hora de dar a cara, cando teñen ámbitos propios de responsabilidade. E agora tiñamos unha oportunidade no Parlamento, nun espazo rigoroso e con sosego, de facer unha investigación sobre o tema e de dar unha primeira explicación que puidese aclarar algo sobre o tema; pero preferiron neste momento encubrirse mutuamente, algo que nós lamentamos profundamente.

No ámbito sanitario funcionou ben o dispositivo de emerxencias —iso é algo que sempre recoñeceu En Marea—, e tamén no Álvaro Cunqueiro —jollo!, no Servizo de Urxencias—, grazas á boa disposición dos profesionais, pero non pola disposición de máis efectivos por parte da Consellería de Sanidade; algo que seguimos denunciando.

E con relación ao que debería de estarse a facer neste momento, con independencia de que vostedes non acepten nin unha comisión de investigación nin unha comparecencia, é necesaria unha mesa de diálogo interadministrativa para, en primeiro lugar, orientar as propias vítimas sobre o que van ter que facer para facer valer os seus dereitos; en segundo lugar, para axudar ou contribuír a botar luz no sucedido en sede xudicial; e, en terceiro lugar —e o máis importante—, para que isto non se repita no futuro.

Desas tres funcións que tiñan que cometer, nós, desde En Marea, soamente podíamos axudar eficazmente nunha, que era nesta terceira: solucionar isto para o futuro. Por iso propuxemos estes foros de traballo nunha comisión de investigación, e dando explicacións, neste caso,

no Parlamento de Galicia, quen podía dalas aquí: o presidente da Xunta. Vostedes prefiren que isto non sexa así, e nós lamentámolo porque isto, desde logo, non axuda nin a aprender do sucedido nin, polo tanto, a poñer as bases para que non volva suceder no futuro.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Rematado o debate procedemos á votación.

En primeiro lugar, votos a favor da celebración dun pleno extraordinario.

Votamos.

Votación da solicitude, por iniciativa dos GG. PP. de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego, dunha sesión extraordinaria do Pleno co contido sinalado na orde do día.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 6; votos en contra, 16.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de celebración dun pleno extraordinario.


O señor PRESIDENTE: Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión.

Boa tarde a todos.

Remata a sesión ás doce e cincuenta e un minutos do mediodía.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pierres López, María Luisa	(S)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Prado del Río, Paula	(P)
5. Balseiros Guinarte, Silvestre José	(P)	43. Prado Patiño, Miguel	(P)
6. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	44. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
7. Barahona Martín, Magdalena	(EM)	45. Puy Fraga, Pedro	(P)
8. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	46. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
9. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	47. Quintero Araújo, Paula	(EM)
10. Burgo López, María de la Concepción	(S)	48. Quiroga Díaz, José Antonio	(S)
11. Cal Ogando, Marcos	(EM)	49. Rey Varela, José Manuel	(P)
12. Calvo Pouso, Diego	(P)	50. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
13. Casal Vidal, Francisco	(EM)	51. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
14. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	52. Rodríguez Arias, Marta	(P)
15. Chao Pérez, Luca	(EM)	53. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
16. Conde López, Francisco José	(P)	54. Rodríguez Estévez, David	(EM)
17. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	55. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
18. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
19. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
20. Fernández Fernández, Raúl	(S)	58. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
21. Fernández Gil, César Manuel	(P)	59. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
22. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	60. Salorio Portal, María Soraya	(P)
23. Fernández Prado, Martín	(P)	61. Sánchez García, Antón	(EM)
24. García Míguez, María Ángeles	(P)	62. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
25. Gómez Salgado, Carlos	(P)	63. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
26. González Vázquez, José	(P)	64. Solla Fernández, Eva	(EM)
27. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	65. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
28. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	66. Toja Suárez, María Dolores	(S)
29. Mato Otero, Beatriz	(P)	67. Torrado Quintela, Julio	(S)
30. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	68. Torregrosa Sañudo, Julia	(EM)
31. Mouriño Villar, Antonio	(P)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Novo Fariña, María Isabel	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Pazos Couñago, José Alberto	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
39. Pérez Seco, José Manuel	(S)		



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25